



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA, O SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE FACTURACIÓN ELÉCTRICA E AFORRO ENERXÉTICO NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto, cualificación do contrato, e necesidades administrativas a satisfacer

O obxecto do contrato é a realización do servizo de asesoramento técnico en materia de facturación eléctrica e aforro enerxético, co fin de lograr un mellor control, xestión e optimización da subministración de enerxía eléctrica do Concello de Caldas de Reis.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como establece o artigo 10 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, de contratos do sector público (TRLCS), e a codificación correspondente ao vocabulario común de contratos públicos CPV é a seguinte: 71314300-5

O artigo 26.1a) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, establece que os municipios deberán prestar en todo caso o servizo de alumado público. Tendo en conta que o gasto eléctrico constitúe unha das aplicacións orzamentarias máis importantes do orzamento municipal, e que as instalacións de alumado público contan con contadores de enerxía reactiva, faise necesario un control exhaustivo da facturación co fin de tentar reducir a enerxía reactiva facturada, reclamar facturas mal emitidas, adecuar as potencias contratadas, xunto coa análise de distribucións horarias do consumo. Dado que o Concello non conta con recursos propios axeitados para resolver estas cuestións, procede acudir á súa contratación.

CLÁUSULA SEGUNDA. Forma de adxudicación e órgano de adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de servizos será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición e no que quedará excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do TRLCS.

Ao tratarse dunha prestación perfectamente definida e sen posibilidade de variacións establécese un único criterio de adxudicación, o do prezo máis baixo, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, de conformidade co artigo 150 do TRLCS.

O órgano de contratación será o Alcalde-Presidente, de conformidade co preceptuado na lexislación vixente e o réxime de delegacións existente no Concello.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.caldasdereis.com

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato e existencia de crédito

A contía do contrato ascende a un importe máximo de 15.600 €/ano + IVE, de conformidade co seguinte:

- O adxudicatario percibirá unha **cota fixa mensual** por importe máximo de 300 €/mes + IVE, o que supón un total de 3.600 €/ano.
- Ademais, o adxudicatario percibirá un **importe variable** en función do aforro xerado na facturación, derivado do servizo de asesoramento e revisión. Este importe variable establecece

nunha porcentaxe do 10 % sobre o aforro xerado (antes de impostos) + IVE, ata un importe máximo anual de 12.000 € + IVE.

A estes efectos e para o cálculo do aforro, terase en conta o seguinte:

- De tratarse dun erro na facturación considerárase o importe aforrado correspondente á totalidade das facturas xa expedidas e a corrixir pola empresa subministradora de enerxía eléctrica (límite 12 meses).
- De tratarse de aforros derivados de medidas de aforro enerxético propostas pola entidade de asesoramento, este calcularase pola diferenza de facturación (homoxeneizada) coa facturación mensual antes da adopción das medidas, multiplicado polo número de meses nos que a adopción das medidas propostas e aceptadas vaian xerar aforro, ata un máximo de doce mensualidades, descontado o 50 % do importe do custe (antes de impostos) que a adopción destas medidas supoña para o Concello.

$$10\% \times (\text{aforro (€/mes)} \times \text{n}^\circ \text{ meses (máximo 12)}) - 50\% \text{ custo medidas de aforro}$$

De conformidade co artigo 88.1º do TRLCSP o valor estimado do contrato ascenda a contía de 31.200,00 euros (IVE excluído), tendo en conta a duración inicial do contrato (1 ano) máis a súa posible prórroga (1 ano).

O importe aboarase con cargo á aplicación 165 227.06 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito dispoñible na bolsa de vinculación, para facer fronte a achega municipal correspondente ao exercicio 2014.

O Concello asume o compromiso de consignación do crédito que corresponda, para atención das obrigas de gasto derivadas da execución do contrato nas anualidades 2015 e, no seu caso, 2016.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A duración do contrato será de un (1) ano, a contar desde o día que se estipule no contrato, prorrogable por acordo expreso por un período dun (1) ano, ata unha duración total do contrato, incluída a prórroga, de dous (2) anos.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursoas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Dos demais empresarios estranxeiros, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar reguladas no artigo 60 do TRLCSP poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario:

3.1. A solvencia económica e financeira do empresario acreditarase a través de declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización polos riscos profesionais, por importe suficiente, e que terá unha duración mínima igual á da vixencia e prazo de garantía do contrato.

3.2. A solvencia técnica dos empresarios acreditarase cos seguintes medios:

a) relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos.

O licitador deberá acreditar que realizou traballos similares, e a tal efecto presentaranse certificados oficiais acreditativos deste traballos, no que se faga constar o obxecto do contrato, o destinatario, e as datas de realización.

b) Unha indicación do persoal técnico, que debe incluír un enxeñeiro técnico industrial, preferentemente na rama da electricidade, con experiencia en realización de auditorías.

(acompañarse documentación acreditativa sobre este punto e currículo).

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no concello de Caldas de Reis, r/ Ferrería nº 1, en horario de atención ao público, no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O anuncio de licitación, xunto cos pregos, publicarase tamén no perfil do contratante.

As proposicións poderanse presentar por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as proposicións sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión desta mediante un télex, un fax ou un telegrama o mesmo día, no que se consigne o número do expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama realizarase mediante unha dilixencia estendida polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a oferta se o órgano de contratación a recibe despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez que transcorran os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a oferta, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do TRLCSP.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar a contratación do servizo de

».

A denominación dos sobres é a seguinte:

— Sobre «A»: Documentación administrativa.

— Sobre «B»: Proposición económica.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos:

SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

« MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS XURÍDICAS

D....., con DNI nº....., en nome da sociedade....., con NIF nº....., de acordo coa escritura de poder.....(ou documento que o habilite para actuar en nome da persoa xurídica a que representa), para os efectos de contratar co Concello de....., DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que a empresa á que represento dispón de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional, necesaria para concertar co Concello de..... a execución do contrato de..... O obxecto social da empresa comprende a actividade obxecto deste contrato, de acordo co recollido no artigo..... dos seus estatutos sociais, estatutos que se achán correctamente inscritos nos Rexistros correspondentes.

2º.- (Alternativamente) Que a devandita empresa dispón da clasificación / solvencia requirida para a devandita contratación. / Que a devandita empresa dispón dos requisitos mínimos de clasificación / solvencia establecidos para concorrer á devandita contratación, complementándoa polo medio seguinte (marcar o que proceda):

- a. Formando unha unión temporal de empresas para concorrer á licitación coa mercantil....., adquirindo o compromiso expreso de constituír a devandita UTE en caso de resultar nosa oferta adjudicataria do contrato (neste caso, a declaración ha de ser subscrita por cada unha da empresa que integrarán a futura UTE).
- b. Dispoñendo de medios externos para executar as prestacións seguintes.....

Os devanditos medios externos consisten en..... e serán achegados por.....

A tal efecto subscribiuse coa devandita empresa un.....

3º.- (Alternativamente) Que a esta licitación non concorre ningunha outra empresa do grupo empresarial ao que pertence a que represento / Que a esta licitación presentarán ofertas as seguintes empresas integradas no mesmo grupo empresarial do que forma parte a que represento: (Hase de entender por sociedades dun mesmo grupo empresarial aquelas que se encontren nalgún dos supostos considerados no artigo 42.1 do Código de Comercio).

4º.- Que nin eu persoalmente nin ningún dos administradores da persoa xurídica en cuxo nome actúo estamos incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido Lei de Contratos do Sector Público.

5º.- Que a empresa á que represento está ao corrente de todas as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6º.- Que a empresa á que represento NON / SI (márquese o que proceda) ten un número de 50 ou máis traballadores, (en caso de superar esa cifra) sendo o número de traballadores con discapacidade na empresa de....., o que supón un.....% traballadores pertencentes a este colectivo, (alternativamente, segundo o caso), significando que se supliu a esixencia legal de dispoñer no equipo con máis do 2% de traballadores con discapacidade polas medidas alternativas legalmente previstas seguintes:.....

7º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas ambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscritas pola Unión Europea.

8º.- Que o correo electrónico para recibir todas as comunicacións relacionadas co presente expediente é O que declaro aos efectos do previsto no art.146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido pola unidade de Tramitación, no caso de que vaia resultar adxudicatario do contrato....., indicando que posúo todos estes requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente o Concello de..... á súa verificación directa.

En....., a.... de..... de.....

Asdo.:

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS FÍSICAS

D....., con DNI nº....., en nome propio, e domicilio para efecto de notificacións en....., para os efectos de contratar co Concello de....., DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que dispoño de capacidade de obrar e xurídica, da habilitación profesional, clasificación e/ou solvencia esixida no cadro de características particulares, para executar o contrato de.....

2º.- Que non estou incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

3º.- Que estou ao corrente nas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas ambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscritas pola Unión Europea.

5º.- Que o correo electrónico para recibir todas as comunicacións relacionadas co presente expediente é.....

O que declaro aos efectos do previsto no art.146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido pola unidade de tramitación, no caso de que vaia resultar adxudicatario do contrato....., indicando que posúo todos estes requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente o Concello de..... á súa verificación directa.

En, a de de

Asdo:

SOBRE «B» PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Neste sobre incluírase:

1º a oferta económica, que presentárase conforme ao seguinte modelo:

Don....., maior de idade, veciño de....., con domicilio entitular do DNI....., expedido en data....., actuando en nome propio / ou en representación da empresa (CIF- núm.) e con domicilio en, teléfono..... segundo acredita mediante poder debidamente bastantado. Decatado do anuncio para adxudicar mediante procedemento aberto o contrato correspondente o servizo (especificar denominación do servizo):

Primeira.-Declaro que na execución do contrato se cumpriran as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo, prevención de riscos laborais; así como tamén a relativa á protección de datos de carácter persoal.

Segundo.-Comprométome a executar a prestación á que licita, con estrita suxeición aos requisitos e condicións esixidos.

Terceiro- Que ofrezco o seguinte prezo no que atinxe á **cota fixa** mensual:

A) Cota fixa mensualeuros/ mes

B) IVE.....euros/mes

C) Total (A+B).....euros/mes

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do licitador

Asdo.: _____»

2º MEMORIA DESCRIPTIVA

Os licitadores deben incluír no sobre B unha memoria descritiva do xeito no que van realizar os traballos obxecto do contrato.

CLÁUSULA OITAVA. Criterio de adxudicación

Para a valoración das ofertas e a determinación da economicamente máis vantaxosa atenderase a un único criterio de adxudicación:

Menor prezo ofertado.

As ofertas valoráranse ata 10 puntos, de conformidade co seguinte:

- **Cota fixa mensual ofertada:** valorárase a baixa na cota fixa mensual a percibir polo adxudicatario, outorgando 10 puntos á oferta máis baixa das admitidas. A puntuación das restantes establecerase en base á seguinte fórmula:

$$P = \frac{10 \times Y}{X}$$

Onde P é a puntuación que corresponde a cada licitador, X é o prezo da oferta a considerar e Y o prezo da mellor oferta.

A non realización de baixa suporá a valoración con 0 puntos por este criterio.

Os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias son os establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Aos únicos efectos de valoración da incurrencia das ofertas presentadas en suposto de baixa temeraria, tomarase como prezo total de cada una das ofertas o importe obtido de adicionar á contía mensual ofertada e multiplicada por 12, o importe de 12.000 € (correspondente coa contía máxima anual de prezo variable).

Criterios de desempate.

O desempate resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%. Se varias empresas licitadores das que tiveran empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

De persistir o empate, efectuarase un sorteo.

CLÁUSULA NOVENA. Mesa de contratación

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente o TRLCSP estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, polo menos, catro vogais, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela.

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

- Presidente: O Alcalde-Presidente.

- Vogais:

O arquitecto técnico municipal

O encargado de obras do Concello

A interventora municipal

A secretaria xeral do Concello

Secretario/a: Un funcionario do Concello con categoría, alomenos, de administrativo.

CLÁUSULA DÉCIMA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do TRLCSP, ten as seguintes prerrogativas:

a) Interpretación do contrato.

b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

c) Modificación do contrato por razóns de interese público.

d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso, darase audiencia ao contratista, para o que se deberán seguir os trámites previstos no artigo 211 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Apertura de proposicións

A mesa de contratación constituirase o terceiro día hábil (non sábado) día hábil despois da finalización do prazo de presentación das ofertas, ás dez horas, e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres «A». Se fose necesario, a mesa poderá conceder un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación achegada.

Procederase despois á apertura e exame do sobre «B» e será formulada a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Requirimento da documentación

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de o cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCSP, así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, e de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do TRLCSP.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Ao abeiro do disposto no artigo 4.4 da Lei 13/2012, do 26 de decembro, de loita contra o emprego irregular e o fraude á Seguridade Social, no que se tipifica como infracción grave no artigo 22. 11 do Texto refundido da Lei de infracción e Sanción na Orde Social, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2000, a conduta consistente en “No comprobar por los empresarios que contraten o subcontraten con outros la realización de obras o servizos correspondentes a la propia actividade de aquellos o que se presten de forma continuada en sus centros de trabajo, con carácter previo al inicio de la prestación de la actividad contratada o subcontratada, la afiliación o alta en la Seguridad Social de cada uno de los trabajadores que estos ocupen en los mismos durante el periodo de ejecución de la contrata o subcontrata, considerándose una infracción por cada uno de los trabajadores afectados.”, e no artigo 5 da mencionada lei na que se reitera a obriga dos empresarios que contraten ou subcontraten con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade de aqueles ou que se presten de forma continuada nos centros de traballo, de comprobar, con carácter previo ao inicio da prestación da actividade contratada ou subcontratada a afiliación e alta na Seguridade Social de cada traballador (nova redacción do artigo 5 do Real decreto-lei 5/2011, de 29 de abril, de medidas para a regularización e control do emprego somerxido e fomento da rehabilitación de vivendas), o Concello procederá a verificar esta afiliación e alta con carácter previo a iniciar a prestación nos supostos previstos na norma, e durante o período de execución da contrata ou subcontrata, polo que o adxudicatario está obrigado a achegar, no prazo indicado pola Administración, toda a documentación que lle sexa requirida a tal efecto

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Garantía definitiva

Non se require a constitución de garantía, o que se fundamenta no carácter intelectual do traballo a realizar.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Adxudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación deberá ser motivada e será notificada aos candidatos ou licitadores e, ao mesmo tempo, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.

A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.

En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.

Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderase efectuar por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos designasen ao presentaren as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Porén, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo realizarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán ao seu cargo.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Cumprimento do contrato

O contrato executarase a risco e ventura do contratista con estrita suxeición ao estipulado no contrato e na documentación complementaria do mesmo. Así mesmo, deberán seguirse as instrucións que, en interpretación do mesmo poda dar o departamento de urbanismo do Concello.

De conformidade co artigo 305 do TRLCSP, o contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva, e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inaxeitados ou conclusión incorrectas na execución do contrato.

O contratista será responsable de todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, tendo, polo tanto, obriga de indemnizalos, de conformidade co disposto no artigo 214 do TRLCSP.

O Alcalde, como órgano de contratación, determinará se a prestación realizada polo contratista axústase ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a subsanación dos defectos observados. Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rexeitar a mesma quedando exento da obriga de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

O contratista ten deber de siliro respecto a todos os datos municipais aos que teña acceso con motivo do traballo a realizar. Non poderá facilitar información relativa ao seu traballo sen autorización expresa e por escrito do Concello. Igualmente, terá prohibida a utilización de información municipal para fins distintos aos exclusivos da execución do contrato, comprometéndose a non reproducir nin obter copias da mesma.

O contratista deberá cumprir as disposicións legais vixentes en materia de incompatibilidades, laboral, fiscal e de Seguridade Social, que lle sexan inherentes, quedando exenta a Corporación contratante de calquera responsabilidade por incumprimento de tales normas.

SUBCONTRATACIÓN E CESIÓN DO CONTRATO

Polas características da prestación a realizar, non se autorizará a subcontratación nin a cesión do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64 do TRLCSP).

— Gastos esixibles ao contratista. Correrán a cargo do contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, ata o límite máximo de 300 euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Facturas

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

De acordo co punto cuarto do artigo 216 do TRLCSP, para que proceda o inicio do cómputo do prazo para a obriga de aboamento de xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar factura ante o rexistro administrativo correspondente, dentro do termo establecido e na forma pertinente, no prazo de trinta días desde a data de da prestación do servizo.

O pago do prezo efectuarase por en mensualidades vencidas, mediante a presentación de facturas, polo importe correspóndete á cota fixa máis, no seu caso, o importe da retribución variable en función do aforro xerado (calculado segundo o disposto na cláusula cuarta), nas que figurará por separado a parte correspondente ao IVE.

As facturas aboaranse unha vez sexan conformadas polo servizo municipal correspondente, fiscalizadas pola Intervención e aprobadas polo órgano municipal correspondente.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, os seguintes aspectos previstos no punto segundo da disposición adicional trixésimo terceira.

- a) Que o órgano de contratación é o Alcalde-presidente.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é o departamento de intervención e tesourería municipal.
- c) Que o destinatario é o Alcalde-presidente.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Revisión de prezos

Non se revisarán os prezos ao longo da duración do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Prazo de garantía

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de un ano, contado desde a data de recepción ou conformidade do traballo. Durante este prazo a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado neste prego e no de prescricións técnicas. Unha vez transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar do contratista a súa emenda.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Execución do contrato e responsable do contrato

O contrato executarase con estrita suxeición ó disposto neste prego e nas prescricións técnicas que serven de base ó contrato e nos artigos 305 a 309, ámbolos dous inclusive, do TRLCSP.

Ós efectos do disposto no artigo 118 do TRLCSP, non se establecen condicións especiais de execución deste contrato.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, segundo o disposto no artigo 215 do TRLCSP.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

RESPONSABLE DO CONTRATO

De conformidade co disposto no 52 do TRLCSP, o encargado de obras do Concello ostentará a condición de responsable do contrato, con funcións de supervisión da correcta execución da prestación. As instrucións ditadas na interpretación do contrato por dito responsable, serán vinculantes para o adxudicatario.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Modificación do contrato

Ao abeiro do previsto no artigo 106 do TRLCSP, non procede a modificación do presente contrato, salvo os supostos establecidos no artigo 107 do TRLCSP.

De conformidade co artigo 107 do TRLCSP, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.
- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, medio ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Penalidades por incumprimento

Penalidades por cumprimento defectuoso do contrato.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP que dispón que os pregos poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto deste ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato, se establecen as seguintes penalidades:

a) Terán a consideración de **infraccións leves** aquelas que, malia o incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de grande entidade, levarán consigo unha penalidade de ata 300 € e tipifícanse como tales as seguintes:

- As que impliquen negligencia na realización do servizo e non supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- A omisión de deber de comunicar as incidencias ou anomalías non imputables ao contratista e que sexan detectadas.

b) Terán a consideración de **infraccións graves** e levarán consigo unha penalidade de 301€ ata 1500 € as seguintes:

- A reiteración na comisión de tres faltas leves.
- A desobediencia ás ordes do Servizo Municipal competente para a vixilancia do contrato.

- A deficiente realización dos labores de mantemento, conservación ou xestión.
- O trato irrespectuoso ao público, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- Non acudir ás reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.

c) Terán a consideración de **infraccións moi graves** e darán lugar á rescisión do contrato, sen prexuízo da aplicación das sancións a que houbese lugar a xuízo do Órgano de Contratación todas as que supoñan un incumprimento das condicións do contrato ou unha deficiente xestión da subministración.

Penalidades por demora

Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción prevista no artigo 212.4 do TRLCSP: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, impoñeranse penalidades que serán proporcionais á gravidade do incumprimento, e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Resolución do contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos fixados nos artigos 223 e 308 do TRLCSP; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación a Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña á normativa sobre contratos e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009 e do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, de contratos do sector público.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

O órgano de contratación municipal fai constar que os datos de carácter persoal que poida conter o contrato, serán tratados conforme á lexislación específica de aplicación, de acordo co disposto na disposición adicional vixésimo sexta do TRLCSP.

A empresa adxudicataria responderá persoalmente das infraccións en que puidese incurrir no caso de que destine os datos de carácter persoal a outra finalidade, os comunique a un terceiro ou os utilice de forma

CONCELLO DE CALDAS DE REIS

CIF P-3600500-G

Rúa Ferrería, nº1
36650 Caldas de Reis (Pontevedra)
Telef. 986 540002- Fax 986 530393
e-mail:concello@caldasdereis.com

irregular, así como cando non adopte as medidas de seguridade establecidas no Regulamento de desenvolvemento da LOPD, aprobado polo R. D. 1720/2007, de 21 de decembro, e demais normativa vixente.

CONFIDENCIALIDADE

A empresa adxudicataria se compromete a observar a debida confidencialidade sobre toda a información proporcionada para a realización do traballo, non podendo facer uso dela sen a correspondente autorización por escrito por parte do Concello de Caldas de Reis.

Caldas de Reis, 5 de maio de 2014

O alcalde

Asdo: Juan Manuel Rey Rey

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA, O SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE FACTURACIÓN ELÉCTRICA E AFORRO ENERXÉTICO NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a realización do servizo de asesoramento técnico en materia de facturación eléctrica e aforro enerxético, co fin de lograr un mellor control, xestión e optimización da subministración de enerxía eléctrica do Concello de Caldas de Reis.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Os traballos comprenderán o estudo da facturación de todo o alumado público e todos os edificios públicos do Concello de Caldas de Reis.

DESCRIPCIÓN DO ESTADO ACTUAL DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA MUNICIPAL

Na actualidade o Concello de Caldas de Reis conta aproximadamente con 153 subministracións en mercado libre, sendo o único subministrador **GAS NATURAL SERVICIOS, SDG, S.A.:**

BAIXA TENSIÓN

34 en tarifa 2.0.A

81 en tarifa 2.0.DHA

8 en tarifa 2.1.A

14 en tarifa 2.1 DHA

15 en tarifa 3.0A

MEDIA TENSIÓN

1 en tarifa 3.1.A

O consumo anual estimado é de 3.680.000 Kwh/ano.

TRABALLOS A DESENVOLVER POLO ADXUDICATARIO

Comprobación, xestión e validación da facturación mensual. Detección de erros. Reclamación de facturas. Análise de custos fixos e variables. Comprobación aleatoria de lectura en contadores (5 unidades/mes aproximadamente)

Elaboración dunha base de datos na cal se inclúan os datos de facturación e consumo. Consumo/ horas noite para alumado público. Histórico e gráficas de consumo por punto de abastecemento e global.

Reclamación por enerxía reactiva errónea nas subministracións de menos de 15 KW, e nas subministracións de tarifas 2.0.A, 2.0.DHA, 2.1.A, e 2.1 DHA.

Comprobación dos consumos de enerxía reactiva e comprobación sobrecostos. Elaboración de propostas para a redución de sobrecostos.

Xestión de cambios de equipos de medida de aluguer ou de compra.

Adecuación das potencias contratadas ás consumidas.

Corrección de distribucións de consumo en alumado público. Histórico e gráficas de consumo por punto de abastecemento e global.

MEMORIA DESCRIPTIVA

Os licitadores deben incluír no sobre B unha memoria descritiva do xeito no que van realizar os traballos obxecto do contrato.